

## **Lei de iniciativas empresariais:**

### **Presentada no Parlamento pola vía de urxencia a proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza.**

Desde os movementos sociais galegos facemos un chamamento urxente á sociedade galega para se mobilizaren contra a aprobación desta lei. Foi tramitada pola vía de urxencia (é nunca mellor empregado o termo urxente, xa que case non nos da tempo a enterarnos da presentación no Parlamento galego e xa estamos a piques de que sexa aprobada).

A proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais supón unha desregulamentación de facto, que elimina cautelas ambientais e dereitos dos administrados para outorgarlle patente de curso a empresas mineiras e pasteiro-enerxéticas. Sitúa á Dirección Xeral de Enerxía Minas como segundo organismo con máis poder sobre o territorio despois do Consello da Xunta, funcionando como un apéndice dos grandes grupos empresariais, aos que se lle otorga a capacidade de impor o seu criterio por riba de calquera outra consideración e na que se está a defender tan so o interés do gran capital que ao traveso desta lei elimina atrancos nesta carreira salvaxe de acaparamento e destrución en perxuizo do patrimonio natural e da saúde, tanto das persoas como do medio natural.

Segundo o Partido Popular, no poder con maioría absoluta, a xustificación é que non existan trabas administrativas á ubicación de iniciativas empresariais na Galiza teñen a pouca vergoña de falar de “simplificar, flexibilizar e liberalizar sectores da economía galega” cando ao que se está referindo é aos grandes capitais que nada teñen a ver coa nosa terra.

Leis deste calibre deixan en evidencia clara que a nivel local non nos libramos desa invasión neoliberal extrema que afecta a propia identidade física do País, modificando normas tan importantes coma a Lei 8/2009 de aproveitamento eólico, a Lei 3/2008 de minería, ou a Lei 7/2012 de Montes. a proposición de lei outórgalles aos proxectos empresariais máis facilidades para eludir os controis, debido a que fai máis sinxela a súa consideración como *proxectos industriais estratéxicos*, que se benefician dun menor control urbanístico, dunha *declaración de utilidade pública*, da prevalencia sobre outras utilidades públicas e que adquiren unha incidencia supramunicipal, polo que poden eludir o control dos concellos; así mesmo, poden obter adxudicacións directas de solo e maiores subvencións.

Non se toma en consideración o interese xeral e a participación pública. Pese ao que diga non se tivo en conta a participación da cidadanía, de feito esta non se enterou e ao enterarse non tivo tempo a reaxir porque se tramita pola vía de urxencia.

### **Cal é o significado e obxectivo desta lei:**

Significa unha desregularización da lexislación a medida das empresas, xa que aproveitan esta lei para modificar outras normas como a lei de minaría ou a lei eólica ou a lei de montes,... Estas modificacións van encamiñadas a liberar de atrancos administrativos aos grupos empresariais e búscase reducir os trámites, a participación pública e outras administracións. Fan da expropiación forzosa o instrumento fundamental para o acaparamento de terras, falamos dun tipo de negocio que deixa beneficios residuais para o País e que crea pouco emprego e en condicións precarizadas e máis se temos en conta os custos en recursos naturais. O goberno galego consegue así converter á Consellería de industria no máximo órgano de decisión sobre outras administracións e permítese decidir sobre outros temas que non son da súa competencia como Medio ambiente, Montes, Patrimonio, Residuos, xestión hidráulica,.. Esta é unha proposición de lei que afecta a multitude de áreas, modificando varias leis e saltándose todos os informes e controis en termos administrativos”, como os informes de control da legalidade, os informes de dotación económica e os informes da Xunta que si deben pasar as leis impulsadas desde o Consello da Xunta

Négase o dereito real á participación das galegas e galegos que é un dereito fundamental nun Estado democrático. Cando se propón un novo texto lexislativo, e máis do calado deste, a administración ten a obriga de facer unha campaña informativa sobre o contido e implicacións desta nova lei a nivel ambiental, económico, social, territorial,... pola contra a desinformación é total. Unha grande parte do pobo galego non ten nen idea do que se está a tramitar neste momento no Parlamento, nen sequer os movementos sociais máis atentos a aqueles temas lexislativos que nos atañen tan directamente, temos sequer tempo para formarnos e informarnos sobre o tema e menos aínda para informar á sociedade e mobilizarnos.

Este tipo de actuacións son máis propias dun Estado fascista que dun Estado democrático. Na actualidade a desvorgoña dos que gobernan acadan tais límites que non teñen nen pudor ao dicir que “isto é bon para Galicia “ cando queren dicir que é bon para os seus intereses económicos e que ao País o parta un raio, cando falan de consenso e o pobo nen se enterou do que está a pasar, cando falan de dereitos de participación e acurtan os prazos ata tal punto que participar e opinar se fai imposible.

### **mudanzas a nivel de proxectos industriais:**

1. os proxectos industriais regulamentados no Decreto Lexislativo 1/2015 (art 78-80). os proxectos industriais estratéxicos mudan mediante o artigo 16 desta norma o volume de investimentos e de número de traballadores para ser declarados estratéxicos:

- ↘ de 50 a 20 millóns de euros
- ↘ de 250 a 100 postos de traballo directos

1. Un proxecto industrial declarado estratéxico non está suxeito a licenza urbanística, declaración de utilidade pública, prevalencia sobre a incidencia supramunicipal, a adxudicación directa de solo e subvencións.

2. Artigo 17. Flexibilización dos medios de pagamento do solo público. “ Autorízase ao Instituto Galego da Vivenda e á sociedade Xestión do Solo de Galicia, S.A., nos supostos de alleamento de parcelas empresariais coa forma de pagamento aprazado a favor de persoas empresarias, para que poida efectuar dito alleamento sen repercusión de xuros durante os primeiros catro anos a contar dende a data de formalización da venda cun período de carencia dun ano. “

### **Para instalacións de enerxía eléctrica:**

polo artigo 38 quedan exentos do trámite de información pública determinados proxectos de instalacións eléctricas, que non teñan solicitado a utilidade pública e tampouco requiran unha avaliación ambiental ordinaria. Terán trámite express sen necesidade de someterse a información pública:

- ⑩ Liñas cunha tensión igual ou inferior a 30 kW
- ⑩ Instalacións de autoconsumo de potencia superior a 100 kW. deste xeito eximir de trámites a grandes instalacións e non a pequenas instalacións destinadas ao autoconsumo doméstico.

### **Rede Natura:**

⑩ Modifícase o artigo 16 punto 2 da lei 9/2001 de conservación da natureza, referida as zonas de especial protección dos valores naturais (zonas ZEC) da rede natura. Introdúcese unha excepción para os aproveitamentos madeiros, que non precisarían autorización de medio ambiente e só se rexirán pola lei de montes. “Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos. Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da consellería competente en materia de medio ambiente, **agás no caso dos aproveitamentos madeiros**, que se

rexerán polo establecido na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa”

⑩ Equipáranse os usos de explotación madeira aos tradicionais vulnerando a directiva habitat 92/43/CEE, o mesmo que fixo co plan director da rede natura , Con iso pretende evitar a prohibición da UE e sortear o problema que podería ter este tipo de actividade en zonas de interese prioritario de obrigada protección (Directiva 92/43 CEE de hábitats). Segundo esta normativa, nestas áreas só se permiten actividades de conservación así como as declaradas de orde prioritario (casos excepcionais de índole social e económica), e lembramos que para poder facer esa declaración a Xunta previamente deberá ter informado á Comisión e mandar un informe que avalara esta decisión onde recollese a necesidade para o desenvolvemento da zona e quen non provoca ningún tipo de afectación.

↘ Directiva 92/43 CEE de hábitats -3. Cualquier plan o proyecto que, sin tener relación directa con la gestión del lugar o sin ser necesario para la misma, pueda afectar de forma apreciable a los citados lugares, ya sea individualmente o en combinación con otros planes y proyectos, se someterá a una adecuada evaluación de sus repercusiones en el lugar, teniendo en cuenta los objetivos de conservación de dicho lugar....]

↘ lei de patrimonio e biodiversidade 42/ 2007. “ Los LIC, las ZEC y las ZEPA tendrán la consideración de espacios protegidos, con la denominación de espacio protegido Red Natura 2000, y con el alcance y las limitaciones que la Administración General del Estado y las comunidades autónomas establezcan en su legislación y en los correspondientes instrumentos de planificación, siempre en sus respectivos ámbitos competenciales.” “4. Cualquier plan, programa o proyecto que, sin tener relación directa con la gestión del lugar o sin ser necesario para la misma, pueda afectar de forma apreciable a las especies o hábitats de los citados espacios, ya sea individualmente o en combinación con otros planes, programas o proyectos, se someterá a una adecuada evaluación de sus repercusiones en el espacio, que se realizará de acuerdo con las normas que sean de aplicación, de acuerdo con lo establecido en la legislación básica estatal y en las normas adicionales de protección dictadas por las comunidades autónomas, teniendo en cuenta los objetivos de conservación de dicho espacio”. La concurrencia de razones imperiosas de interés público de primer orden sólo podrá declararse para cada supuesto concreto: a) Mediante una ley. b) Mediante acuerdo del Consejo de Ministros, cuando se trate de planes, programas o proyectos que deban ser aprobados o autorizados por la Administración General del Estado, o del órgano de Gobierno de la comunidad autónoma. Dicho acuerdo deberá ser motivado y público. La adopción de las medidas compensatorias se llevará a cabo, en su caso, durante el procedimiento de evaluación ambiental de planes y programas y de evaluación de impacto ambiental de proyectos, de acuerdo con lo dispuesto

en la normativa aplicable. Dichas medidas se aplicarán en la fase de planificación y ejecución que determine la evaluación ambiental. Las medidas compensatorias adoptadas serán remitidas, por el cauce correspondiente, a la Comisión Europea. 6. En caso de que el lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural y/o una especie prioritaria, señalados como tales en los anexos I y II, únicamente se podrán alegar las siguientes consideraciones: a) Las relacionadas con la salud humana y la seguridad pública. b) Las relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para el medio ambiente. c) Otras razones imperiosas de interés público de primer orden, previa consulta a la Comisión Europea. Desde la perspectiva de la utilización del patrimonio natural, los principios inspiradores se centran: en la prevalencia de la protección ambiental sobre la ordenación territorial y urbanística; en la incorporación del principio de precaución en las intervenciones que puedan afectar a espacios naturales y/o especies silvestres; en contribuir a impulsar procesos de mejora en la sostenibilidad del desarrollo asociados a espacios naturales protegidos; en la promoción de la utilización ordenada de los recursos para garantizar el aprovechamiento sostenible del patrimonio natural; y en la integración de los requerimientos de la conservación, uso sostenible, mejora y restauración del patrimonio natural y la biodiversidad en las políticas sectoriales. Por último, también es principio básico la garantía de la información y participación de los ciudadanos en el diseño y ejecución de las políticas públicas, incluida la elaboración de disposiciones de carácter general dirigidas a la consecución de los objetivos de esta Ley”.

### **MINARIA.( Ver a páxina de contraminación)**

· Esta norma modifica profundamente a Lei 3/2008 da minaría de Galiza. Deixa ao Sector sen apenas regulación. Dáselle a Industria a capacidade, por cima de calquer Concello ou departamento da administración (Medio Ambiente, , Patrimonio, Urbanismo, ... )para resolver un proxecto ou solicitude de dereito mineiro á marxe dos organismos citados.

⑩ Da a Industria capacidade substantiva para resolver un proxecto ou solicitude de dereito mineiro á marxe das consideración dos concellos e doutros departamentos da administración (medio ambiente, patrimonio, urbanismo...).

⑩ Modifícase o artigo 21 (referido no texto orixinal á información pública) para, entre outras cuestións: o promotor poida solicitar a expropiación ou a utilidade pública xuntamente coa presentación do proxecto, sen agardar pola aprobación deste. E, igualmente, para outorgar a utilidade pública no mesmo acto administrativo de resolución do expediente, dando a posibilidade á empresa de chegar a acordos cos propietarios para evitar a expropiación.

⑩ Modifícase o artigo 23, referido ás consultas ás administracións e información pública, colapsando trámites, reducindo prazos :

✦ Os informes preceitivos (Medio Ambiente, Augas e Costas, etc, así como os que Industria xulgue necesario para resolver), deixan de ser determinantes. No artigo orixinal citábanse os órganos ambiental, urbanístico e agrario, como preceitivos e determinantes. Agora aínda que estes informes sexan contrarios, se o criterio de Industria é outro, o proxecto segue adiante. Estes informes preceitivos referiranse só á existencia de usos de interese público que poidan colidir co interese público dos usos mineiros.

✦ O prazo para a emisión destes informes preceitivos baixa de 2 meses a 1 mes. Se os informes recíbense fóra de prazo non se terán en conta.

· Se os informes preceptivos non son relevantes ou non se reciben Industria poderá requerirlos ao órgano xerárquico superior do departamento que tería que emitilos. Se aínda así non se reciben, o procedemento continuará sen ser tomados en conta. Os informes se reciben fóra de prazo, non serán tidos en conta.

### **PARQUES EÓLICOS:**

⑩ Modifícase o artigo 16 (bonificacións do canon eólico) para reducir a porcentaxe de bonificación por substitución de aerogeradores –repotenciamento-, redúcese ao 50%.

⑩ Esta lei modifica a tramitación administrativa dos parques eólicos ao suprimir o artigo 34 da lei 8/2009 que fixaba os criterios de valoración para poder escoller entre diferentes solicitudes de proxectos. Entre eses criterios figuraban a menos afección ambiental, o compromiso de desenvolver un proxecto industrial, o compromiso de repotenciamento dos parques xa instalados. Xa que logo, estes condicionantes desaparecen.

⑩ O proceso de expropiación dos montes veciñais en man común afectados por un proxecto eólico pasa a ser regulamentado por esta norma.

⑩ Introdúcense os “proxectos de especial interese” (Disposición adicional primeira): Os proxectos de produción de enerxía eléctrica con renovábeis poderán ser declarados “proxectos de especial interese” polo Consello da Xunta. As consecuencias da declaración son a tramitación prioritaria e a redución á metade dos prazos de instrución alén de que automaticamente considerárase prevalente a utilidade pública das instalacións. Porén, a redacción desta disposición fai que poidan ser declarados “proxectos de interese especial” instalacións só eólicas, senon tamén

calquera que xere electricidade a partir de renovábeis (biomasa, hidroeléctricas, solares...), malia a figurar na lei eólica.

⑩ Modifícase o título IV “procedemento de autorización administrativa dos parques eólicos” No artigo 31 sobre a Rede Natura dicía: quedan excluídos da implantación de parques eólicos aqueles espazos naturais declarados zonas de Especial Protección dos valores naturais para formar parte da Rede Natura 2000, con arreglo á normativa vixente en cada momento, salvo os proxectos de reponteciación”. *Agora introducen como modificación as excepcións por repotenciamento metendo que será cando se reduzan nunha superficie mínima do 50% dos muiños.*

⑩ No artigo 38 exime do trámite de información pública. “Solicitudes de autorización administrativa previa de modificacións de instalacións de distribución ou conexión de xeradores á rede de distribución e/ou transporte de enerxía eléctrica, calquera que sexa a súa tensión2.

⑩ Disposición adicional terceira. Infraestruturas de evacuación: Declárase a súa incidencia supramunicipal automática.

⑩ serían declarados proxectos de especial interese os que se desenvolvan no marco de poxas para a asignación de réxime retributivo específico a instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de tecnoloxías renovables. Automaticamente sería considerada prioritaria a súa tramitación e os prazos para a súa autorización e para a tramitación ambiental serían reducidos á metade.

⑩ Título IV, artigo40-2. Quedan exceptuados de avaliación ambiental estratéxica os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal dos parques eólicos, así como os das súas infraestruturas de evacuación, cando o proxecto de execución da infraestrutura concreta estea sendo ou sexa sometido a avaliación ambiental, de acordo coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

⑩ Título VI- Artigo 44. Declaración de utilidade pública

↘ 1. Para os efectos previstos no título IX da Lei 24/2013, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e da normativa que o desenvolve, ou normas que os substitúan, o recoñecemento da utilidade pública das instalacións incluídas no ámbito desta lei será acordado pola dirección xeral competente en materia de enerxía, sen prexuízo da competencia do Consello da Xunta de Galicia en caso de oposición de organismos ou outras entidades de dereito público.

↘ 2. A solicitude de declaración, en concreto, de utilidade pública poderá efectuarse de xeito simultáneo á solicitude de autorización administrativa previa e/ou de construción,

durante a tramitación destas autorizacións ou con posterioridade á obtención de calquera das devanditas autorizacións administrativas.

↘ 3. Para o devandito recoñecemento será necesario que a empresa interesada o solicite, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos sobre os que non se obtivo un acordo cos seus titulares e sobre os que se considera necesaria a expropiación

Esta declaración, outorgada pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas suporía ademais a prevalencia deses proxectos sobre outra utilidade pública sexa o aproveitamento do monte, o sector turístico ou a preservación dos valores ambientais. “É un escandaloso outorgamento de privilexios para as empresas eléctricas que sexan adxudicatarias do sistema de poxas que desenvolvan proxectos de parques eólicos, plantas de biomasa, de queima de residuos, ou de coxeneración, que terán o camiño expedito para levalos a cabo de xeito rápido pasando por riba dos dereitos das persoas propietarias do terreo, e por riba do dereito deste país a integrar outros usos no seu territorio e a conservar os seus valores ambientais e paisaxísticos

Lei 9/2010 de Augas: disposición derradeira séptima.

Modifícase o punto 3 do artigo 29 relativo ás obras hidráulicas para reducir de 30 a 20 días o prazo de información pública dunha obra hidráulica de interese.

“3. Para a aprobación técnica do proxecto, anteprojecto ou documento técnico similar dunha obra hidráulica de interese da Comunidade Autónoma deberase contar cun informe preceptivo acerca da compatibilidade da actuación co planeamento urbanístico vixente, que será emitido pola Administración urbanística competente no prazo máximo dun mes desde a súa solicitude.

No caso de que se determine a súa incompatibilidade, Augas de Galicia aprobará tecnicamente o correspondente proxecto, anteprojecto ou documento técnico similar, e deberao someter ao trámite de información pública durante un prazo de vinte días hábiles,

### **Lei Montes de Galiza:**

A Xunta xeraliza o uso da declaración responsábel, particularmente na Lei de Montes mais tamén noutras normas. En moitos casos substitúe ao procedemento de solicitude de autorización/comunicación e suprime automaticamente os prazos de resolución, e noutros, tamén os de consulta e/ou exposición pública.

Neste senso a suposta “simplificación e normalización dos procedementos” así como a “optimización de reursos humanos” invocada na exposición de motivos , merma clarAmnte o principio de transparencia e os dereitos de información e participación da cidadanía. Por exemplo, á

hora de facer unha corta forestal nunha zona na que hai un ben patrimonial catalogado, dende un castro a unha mámoa, esta lei eliminaría a hoxe obrigatoria autorización de Patrimonio e só esixiría un informe que, non caso de non chegar a tempo, implicará a autorización inmediata para a actuación solicitada, as consecuencias son que se multiplicarán os casos de estragos ao patrimonio.

⑩ Modifícase o punto 3 do artigo 81 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue: “3. A aprobación do instrumento de ordenación ou de xestión forestal, logo de obter os preceptivos informes favorables dos órganos ou organismos sectoriais competentes, comportará a autorización das actuacións previstas nel cun grao de detalle suficiente. Ditas actuacións só requirirán de declaración responsable ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio previa ao inicio das mesmas, para que este poida comprobar a súa conformidade co previsto no instrumento de ordenación ou xestión forestal. E antes dicía: “3. Aprobado el instrumento de ordenación o gestión forestal, y cuando obtuviera los preceptivos informes favorables de los organismos sectoriales dependientes de la Administración autonómica de Galicia cuyas competencias pudieran resultar afectadas por la aprobación del citado instrumento, las actuaciones contempladas en el mismo, con un grado de detalle suficiente, se considerarán autorizadas por aquellos cuando fuera preceptiva dicha autorización, requiriendo solo de notificación al órgano inferior competente en materia forestal por razón del territorio. “

⑩ Modifícase o punto 3 do artigo 84 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue: Os aproveitamentos dos recursos forestais, os servizos e as actividades previstos nun instrumento de ordenación ou de xestión aprobado pola Administración forestal non necesitan de autorización para a súa execución, polo que será suficiente unha **declaración responsable** previa ao seu inicio, consonte o disposto polo artigo 81.3”. e antes dicía: 3. Los aprovechamientos de los recursos forestales, los servicios o las actividades contemplados en un instrumento de ordenación o gestión aprobado por la Administración forestal no necesitan de autorización para su ejecución, bastando una **notificación previa**, con arreglo al artículo 81.3.

· Modifícase o artigo 92 relativo ás autorizacións para os aproveitamentos madeireiros, antes necesarias en todos os casos (con excepción do uso doméstico). Agora só hai que pedir autorización cando haxa frondosas autóctonas. Para o resto das especies, abonda cunha declaración responsábel.

↘ “Artigo 92. Dos aproveitamentos madeireiros suxeitos a autorización administrativa

↘ 1. Os propietarios de montes ou terreos forestais privados que desexen realizar neles aproveitamentos de madeira ou leña terán que solicitar autorización do órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio nos seguintes casos:

↘ a) Cando os montes ou terreos forestais estean poboados con especies do anexo 1.

↘ b) Cando os montes ou terreos forestais formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección.

↘ c) Cando os montes ou terreos forestais estean afectados por algunha lexislación de protección do dominio público.

↘ d) Cando se trate de aproveitamentos de madeira ou leña queimada susceptible de uso comercial.

↘ Exceptúanse da necesidade de autorización os aproveitamentos en montes ordenados, consonte o establecido no punto 3 do artigo 81, e os supostos recollidos no punto 3 do artigo 92 bis.

↘ 2. Se os aproveitamentos aos que se refire este artigo esixise en, en virtude da lexislación sectorial aplicable, autorización administrativa de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, a autorización será única e o seu outorgamento corresponderá en todo caso ao órgano forestal competente segundo o punto anterior, que valorará tanto os aspectos de carácter forestal como os derivados da devandita lexislación sectorial. O exercicio das competencias de inspección e sanción reguladas por esta última non se verá afectado polo outorgamento da autorización única polo órgano forestal e, xa que logo, seguira a corresponder aos respectivos órganos u organismos sectoriais.

↘ 3. Para a valoración dos aspectos derivados da lexislación sectorial, o órgano forestal recabará de maneira preceptiva informe dos órganos ou organismos competentes.

↘ 4. Se a lexislación sectorial non establece outro réxime, de non recibirse o informe ao que se refire o punto anterior no prazo de un mes desde a súa solicitude, entenderase favorable e proseguirá a tramitación do procedemento, sen prexuízo da posibilidade

↘ suspender a tramitación daquel para agardar a emisión do informe polo prazo máximo establecido na lexislación do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

↘ 5. Os informes sectoriais conterán, de ser o caso, as condicións ás que deberá suxeitarse o aproveitamento para a protección dos intereses públicos cuxa tutela teña encomendado o órgano ou organismo informante. A autorización que outorgue o órgano forestal incorporará expresamente esas condicións.

↘ 6. O prazo máximo para resolver o procedemento de outorgamento das autorizacións reguladas neste artigo e notificar a resolución á persoa solicitante é de dous meses. Transcorrido ese prazo sen que se notificase a resolución, a autorización entenderase concedida, agás nos supostos nos que a lexislación básica que resulte de aplicación estableza de maneira expresa o contrario.

↘ De terse emitido os informes sectoriais aos que se refiren os puntos anteriores e conter condicións para a autorización do aproveitamento, estas consideraranse incorporadas por ministerio da lei á autorización obtida por silencio administrativo e vincularán ao suxeito que a tivese solicitado dende que tivese coñecemento das mesmas por calquera medio, incluída a certificación do silencio administrativo.

↘ Cinco. Engádesse un novo artigo 92 bis á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa seguinte redacción: “Artigo 92 bis. Aproveitamentos madeireiros suxeitos a declaración responsable : Consonte o previsto no punto 3 do artigo 81, nos montes ordenados, cando os aproveitamentos se fagan de acordo co instrumento de ordenación ou de xestión aprobado, non se precisará autorización e abondará a presentación dunha declaración responsable ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio con carácter previo ao inicio dos traballos

↘ Cando os aproveitamentos non se axusten ao previsto no instrumento de ordenación ou de xestión, aplicarase o réxime xeral previsto nesta lei e a Administración forestal poderá esixir a modificación do instrumento de ordenación ou de xestión con posterioridade ao aproveitamento.

↘ 2. Fóra dos casos contemplados no punto anterior, os donos de predios poderán realizar aproveitamentos de masas forestais poboadas das especies que non estean incluídas no anexo 1 desta lei e que non estean nos supostos enunciados nas alíneas b) e c) do punto 1 do artigo 92, así como executar cortas a feito, rareos ou entresacas, presentándolle ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio con carácter previo ao seu inicio unha declaración responsable de que non concorren as circunstancias que fan precisa autorización administrativa de acordo co establecido nesta lei.

↘ En masas forestais que cumpran os requirimentos descritos no parágrafo anterior e inclúan pés nunha proporción reducida de especies incluídas no anexo 1, poderase admitir o seu aproveitamento cunha declaración responsable, segundo as condicións que se determinen mediante orde da consellaría competente en materia de montes.

↘ 3. Quedan de igual forma suxeitos unicamente á obriga de declaración responsable ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio previa ao seu inicio:

↘ b) Os aproveitamentos en zonas afectadas por unha expropiación, correspondéndolle ao órgano expropiante a obriga de presentar a declaración responsable. A zona expropiada deberá ser sinalizada polo órgano expropiante ou polo afectado, por instancia deste órgano.

⑩ Para a valoración dos aspectos derivados da lexislación sectorial, o órgano forestal recabará de maneira preceptiva informe dos órganos ou organismos competentes.

· Se a lexislación sectorial non establece outro réxime, de non recibirse o informe ao que se refire o punto anterior no prazo de un mes desde a súa solicitude, entenderase favorable e proseguirá a tramitación do procedemento, sen prexuízo da posibilidade de suspender a tramitación daquel para agardar a emisión do informe polo prazo máximo establecido na lexislación do procedemento administrativo común das Administracións públicas

· Sobre a biomasa forestal, elimínase a necesidade de comunicación e o prazo 15 días de antelación do aproveitamento e substituíndoa, outra volta, por unha declaración responsábel.

⑩ “Artigo 94. Disposicións comúns ao réxime administrativo dos aproveitamentos madeireiros

↘ 1. As cortas de policía, os rareos e os demais tratamentos silvícolas sen aproveitamento comercial non se considerarán aproveitamentos madeireiros para efectos do previsto polos artigos anteriores e, xa que logo, non requirirán de autorización administrativa nin de declaración responsable.

↘ Tampouco requirirán de autorización da Administración forestal nin de declaración responsable ante esta as cortas que se realicen na zona de servidume do dominio público hidráulico, sen prexuízo dos medios de intervención administrativa que poidan establecer outras normativas que resulten de aplicación.

⑩ “Disposición adicional sexta. Convenios coas asociacións do sector forestal

↘ Co obxecto de acadar unha completa racionalización administrativa na tramitación das solicitudes de aproveitamentos forestais, formalizaranse convenios tanto coas asociacións de profesionais do sector como coas de propietarios forestais, co fin de conseguir unha maior axilidade na consecución das autorizacións e que se minoren o máximo posible as cargas, tanto as administrativas como as de carácter económico”.